



# PLAN DIXITAL

## CEIP SALGADO TORRES

Versión 1.0\_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

<b>CEIP SALGADO TORRES</b>	
<b>CÓDIGO DE CENTRO</b>	15021792
<b>ENDEREZO</b>	Avda. Pablo Picasso, 2 - 15008
<b>CIF</b>	Q-6555448G
<b>TELÉFONO</b>	881880830-32
<b>LOCALIDADE</b>	A Coruña
<b>PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsalgadotorres/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsalgadotorres/</a> <a href="https://www.instagram.com/ceipsalgadotorres/">https://www.instagram.com/ceipsalgadotorres/</a>
<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	ceip.salgado.torres@edu.xunta.gal

<b>ETAPA EDUCATIVAS</b>	<b>2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL</b>	<b>NÚMERO DE ALUMNADO</b>  326
	<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
<b>Nº DE MEMBROS DO PERSOAL DOCENTE</b>	32	
<b>Nº DE MEMBROS DO PERSOAL NON DOCENTE</b>	<b>CONSERXERÍA</b>	1
	<b>ADMINISTRACIÓN</b>	1
	<b>ATE</b>	2
	<b>AUXILIAR DE CONVERSA</b>	1
	<b>LIMPEZA</b>	3

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro é un centro urbano, situado nun barrio no que predominan as vivendas feitas en plano de cooperativa así como vivendas sociais. Esta moi preto dos cuarteis e vivendas da Garda Civil e da Policía nacional e do Fogar Infantil “ Emilio Romay”.

A nosa área de influencia é pequena pero abarca grupos sociais diversos, desde funcionarios, persoal de servizos, autónomos e un grupo numeroso de familias de etnia xitana, polo tanto, o ambiente sociocultural e económico é moi variado predominando un nivel medio-baixo.

As diferencias a nivel sociocultural e económicas, postas de manifesto de maneira mais visible durante o período da Pandemia da Covid-19, fan imprescindible planificar actuacións que leven a mitigar, na medida do posible, estas diferenzas.

O Plan dixital de centro deberá contribuír á redución da brecha dixital entre os nosos alumnos e axudar a mellorar a súa competencia para conseguir unha efectiva igualdade e inclusión.

### Contribución ao Proxecto Educativo.

Dentro do noso Proxecto Educativo, a innovación e o uso das novas tecnoloxías é un factor clave do traballo diario, e polo tanto a posta en marcha deste Plan Dixital (PD) contribuirá de maneira moi efectiva a levar a cabo este obxectivo, establecendo as necesidades do centro para lograr a transformación dixital, así como establecer os distintos obxectivos que permitan alcanzar unha mellora nas competencias dixitais tanto do noso profesorado como dos nosos alumnos e familias.

O profesorado do centro participa activamente en programas de innovación tecnolóxica, como:

- Intelixencia emocional e dramatización nas nosas aulas.
- Innovación metodolóxicas nas aulas
- Robots con corazón na Biblioteca Escolar. Impresión 3D
- Edixgal
- Plambe

O PD será un dos puntos fundamentais na programación xeral do vindeiro curso 2022-23, xa que deberá contribuír a renovación pedagóxica que expomos fai dous cursos académicos, de aí, a participación da maioría do claustro nos distintos programas de innovación. Estes cambios metodolóxicos pretenden favorecer unha aprendizaxe máis significativa e polo tanto búscanse recursos que nos permitan traballar dende unha

perspectiva global e competencial as distintas áreas ou materias. Así a creación dunha aula dixital estará vinculada ao proxecto documental integrado do centro e co tempo este será unha das sinais de identidade do noso colexio.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan dixital enmarcase na Estratexia dixital 2030 da Consellería de Educación e elabórase seguindo as directrices marcadas pola lexislación vixente:

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Art.111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste PD creouse un grupo de traballo a través dun PFPP formado por tres membros do claustro de profesores, un deles coa función de coordinación e co asesoramento dun membro do equipo ADIX da Coruña e 4 sesión de docencia. Os traballos de elaboración estendéronse desde o mes de novembro ata o mes de xuño, en sesión de duración variada, cun total de 60 horas ( 20 horas de cada un dos membros).

Unha vez constituído o equipo de traballo, acórdase que será a coordinadora a que participe na docencia online e que trasladará a información ao resto dos integrantes. A partir da información configúrase a enquisa SELFIE que traslada tanto ao profesorado como ao alumnado do 5º e 6º de Educación Primaria para a súa realización no mes de decembro. Unha vez obtidos os resultado do SELFIE procédese a súa análise por parte dos membros do grupo. A Continuación e xa no mes de febreiro , e despois da información proporcionada polo asesor, infórmase aos mestres acerca do test de competencia dixital docente. No mes de marzo procédese a xear e analizar o informe grupal do test CDD.

Posteriormente, e tras analizar o SELFIE, elabórase de maneira conxuntamente o DAFO ,tras a participación dos membros do grupo na docencia online, o cal servirá para a elaboración do Plan de Acción que establece os obxectivos do Plan dixital. Unha vez elaborados estes obxectivos complétase o Plan dixital cos distintos apartados dos que consta.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Infraestrutura dixital:

En canto a conectividade, contamos con fibra óptica. A maioría das aulas ten conexión por cable pero a conexión wifi é deficitaria nalgunhas zonas do edificio principal. No edificio de Educación infantil non temos wifi, neste momento, se están levando a cabo, por parte de AMTEGA, a instalación de antenas wifi para unha cobertura total de centro.

#### Equipamento:

- O equipamento é deficitario, os equipos dispoñibles teñen máis de 10 anos e non están adaptados as necesidades do centro. O equipamento máis novo corresponde a zona de administración que xa ten seis anos e precisa a modificación dos discos duros por discos SSD, para facilitar o traballo.
- As aulas de Primaria contan con PDI (todas con máis de 9 anos) así como os equipos de sobremesa. No caso de Educación infantil xa non contamos con PDI xa que estás sufriron unha avaría por mor das obras do tellado este curso pasado e deixaron de funcionar. Estamos pendentes do seguro para a súa reposición.
- As aulas de 5º e 6º de Educación Primaria están dixitalizadas xa que forman parte do proxecto E-Dixgal, contan con 4 carros de carga e os ultra-portátiles dos alumnos así como os portátiles do profesorado.
- Non contamos con aula de informática xa que os equipos están obsoletos e non se poden utilizar.
- Na biblioteca temos 2 ordenadores portátiles, 3 tablets e unha impresora 3 D, para uso dos alumnos e dous ordenadores de sobremesa para uso da biblioteca.
- Na sala de profesores contamos con tres ordenadores de sobremesa con mais de 10 anos.

### Servizos dixitais educativos:

O centro emprega a páxina web, Abalarmóbil, aula virtual do centro para os cursos de 1º a 4º de Educación Primaria, plataforma E-Dixgal nos curso de 5º e 6º de Ed. Primaria.

### Mantemento e xestión:

A Xestión do mantemento do equipamento do centro a realiza unha empresa externa.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**AUTOAVALUACIÓN SELFIE:** A continuación se especifican os resultados mais salientables na autoavaliación.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	3,9				
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4,4				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	4,1				

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	25	80
PROVISIONAL	1	2	50
INTERINO	3	3	100
SUBSTITUTO	3	4	75
DESPRAZADO	0	0	0

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,6	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	50,5	Explorador/a (A1)	68,2	Integrador (B1)
PRIMARIA	85,8	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,7%
A2	10	37%
B1	8	29,6%
B2	7	25,9%
C1	0	0%
C2	1	3,7%
TOTAL	27	99,90%



### 2.3. Análise DAFO

A partir do informe SELFIE e o TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1: Boa conexión por rede fixa. C5: Boa asistencia técnica. C8: O centro conta con dispositivos para o alumnado de 5º e 6º de Primaria ( E-Dixgal).	A1: Non hai unha estratexia dixital establecida. C1:Falla a conexión wifi en algunhas aulas. C2: Os dispositivos dixitais para o ensino están obsoletos( ordenadores e PDI) .
	PERSOAL DOCENTE	A3:O equipo directivo e o claustro queren implantar novas modalidades de ensino. B2: Hai debate entre os membros do claustro acerca do uso da tecnoloxía. D1-2-3: O centro respalda ao profesorado activamente no DPC a través dos PFPP. F1: Adaptación ás necesidades do alumnado.	E2:Falta creación de recursos dixitais e maior uso do software libre. F6: Proxectos interdisciplinares. G1,3,5,6,8,9: Prácticas de avaliación
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H1,3: Comportamento seguro e responsable (alumnado de 5º e 6º Primaria)	C2 : Falta de dispositivos actualizados . H11: Aprender a codificar o programar. H7: Creación de contidos dixitais. H-10: Habilidades dixitais para diferentes materias
	FAMILIAS	B: Uso da tecnoloxía no fogar para tarefas escolares. C1: Conexión a internet nos fogares	E: Baixa competencia dixital das familias
	OFERTA	A3:Novas modalidades de ensino	C14: É preciso unha reorganización dos espazos para poñer en marcha a nova modalidade de ensino. G: Práctica da avaliación
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	C5: Boa asistencia técnica contratada polo centro. C14: Establécense horarios para o uso dos dispositivos portátiles nas aulas e implementación de robótica nas aulas. B3 Emprego das redes sociais para comunicación coas familias	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A3: Novas modalidades de ensinanzas ( PFPP). D1-D2-D3: Formación dixital continua. C2: Dispositivos dixitais para a ensinanza.	A1 : Falta de financiamento axeitado as necesidade dos centros. B4: Falta de tempo por parte do profesorado. C10: Non hai dispositivos para o alumnado do 1º e 2º ciclo de Primaria. C14: Espacio físico, é preciso unha reorganización. C16: Repositorios en liña .
	LEXISLACIÓN	A1: Estratexia dixital: Elaboración do Plan dixital en todos os centros	C7: Protección de datos. A5: É preciso maior coñecementos sobre os dereitos de autor e o uso das licenzas
	CONTORNA		
	ANPA	C11 e C12: Colaboración para mellorar a brecha dixital entre as familias	C11 e C12: Brecha dixital.
	OUTRAS ENTIDADES	B3: Colaboracións con outras organizacións. B4: O centro ten experiencia no uso dos entornos de aprendizaxe e emprega as redes sociais para a comunicación.	

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez analizado en profundidade os resultados do DAFO polo grupo de traballo, procédese a elaborar o Plan de Acción empregando a seguinte secuencia:

**1º paso:** Selección a partir dos datos do DAFO das áreas prioritarias e os obxectivos que deben axustarse a filosofía SMART (Específicos, Medibles, Alcanzables, Relevantes e Definidos no tempo) e estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

**2º paso:** Establecemos os indicadores que será claros e medibles, marcando escalas numéricas ou ben porcentaxe dependendo dos obxectivos, e establecendo un valor de partida inicial e un valor previsto que queremos alcanzar.

**3º paso:** Determinamos e concretamos unha ou varias accións para a consecución dos obxectivos, tendo en conta que ademais de concretar ditas accións será preciso:

- Elixir os responsables, establecer a temporalización, os recursos necesarios, o cumprimento e o seguimento da acción.

Para cada un dos obxectivos propostos, elaborase unha táboa que recolle todos os aspectos anteriores e que tamén se empregará para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro- CEIP Salgado Torres

"Área/s de mellora": C: INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTOS						
<b>1. OBEXECTIVO :</b>	C.14 Reorganizar un espazo físico existente no centro para a creación dunha aula dixital				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBEXECTIVO</b>	Existencia dunha aula dixital					
<b>Valor de partida</b>	0 Aulas dixitais					
<b>Valor previsto e data</b>	1 Aula dixital creada con material dixital variado (ordenadores, tablets, robots, impresoras, material audiovisual, croma, material de radio, conectividade)			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A01.1: Solicitar acondicionar a aula elixida (cambiar chan, sistema eléctrico, pintura....).</b>	Equipo directivo	20 de decembro de 2022	Aula dispoñible do centro, dotación económica. Permisos do Concello e Xunta.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2:Realizar unha distribución espacial dentro da aula elixida.</b>	Equipo directivo, coordinador plan dixital.	20 de decembro de 2022	Aula dispoñible do centro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.3: Redistribuír o material existente no centro e adquirir material complementario.</b>	Equipo directivo, coordinador plan dixital.	28 de febreiro de 2023	Equipo coordinadores e TIC, tecnoloxía dixital básica, materiais existentes no centro. Compra de material..		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.4:Elaboración dun protocolo e horario de uso e/o empréstito do material dixital.</b>	Equipo directivo, Equipo Tics.	10 de marzo de 2023	Coordinador TIC, e equipo directivo.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro- CEIP Salgado Torres

"Área/s de mellora": F.- PEDAGOXÍA - IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>1. OBEXECTIVO:</b>	F6 - Elaborar e deseñar un proxecto interdisciplinar anual de centro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e coordinadores de equipo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBEXECTIVO</b>	Elaboración dun proxecto interdisciplinar anual de centro no que se empreguen as TIC					
<b>Valor de partida</b>	0 Proxectos interdisciplinares					
<b>Valor previsto e data</b>	1 Proxectos interdisciplinar anual			30 de xuño de 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A02.1.-Creación do grupo de deseño de proxectos interdisciplinares</b>	Equipo coordinadores.	30 de setembro de 2022	Convocatoria Equipo directivo e coordinadores de equipo. Material informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.2.Elección e elaboración do proxecto interdisciplinar de centro.</b>	Equipo coordinadores	28 de outubro de 2022	Integrantes do equipo de coordinadores. Equipos informáticos. Creación de documento de proxecto		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.3:Envío de documento ao claustro</b>	Coordinador TIC	04 de novembro de 2022	Correo electrónico corporativo. Equipo informático.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.4: Implementar e desenvolver o proxecto interdisciplinar nas aulas</b>	Claustro	30 de xuño de 2023	Aula dixital profesorado do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro- CEIP Salgado Torres

"Área/s de mellora": C- INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS						
<b>1. OBIXECTIVO:</b>	C1- Acadar unha infraestrutura e equipamento de calidade para desenvolver o proceso de/a maneira máis eficiente.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e coordinador TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBIXECTIVO</b>	Cantidade de dispositivos adquiridos ou actualizados					
<b>Valor de partida</b>	0 Dispositivos adquiridos e actualizados					
<b>Valor previsto e data</b>	60% aproximadamente dos dispositivos adquiridos e/ou actualizados.			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1:Elaborar protocolo de actuación do equipo TIC, horarios.</b>	Equipo directivo	8 de setembro de 2022	Coordinador TIC, xefe de estudos. Inspección.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.2:Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital existente e determinar as necesidades de actualización de cada equipo.</b>	Persoa coordinadora e equipo TIC.	20 de decembro de 2022	Equipo TIC, claustro, secretaria do centro, empresa de mantemento. Partes de estado dos equipos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.3: Solicitar e instalar SSD, RAM ou o que precisen os equipos para a súa actualización.</b>	Persoa coordinadora	28 de febreiro de 2023	Persoa coordinadora, material, Empresa de mantemento		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A03.4: Solicitar a retirada do equipos obsoletos ou inservibles.</b>	Persoa coordinadora e Equipo directivo	28 de febreiro de 2023	Persoa coordinadora		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>A03.5: Determinar as necesidades de novo material co catálogo de AMTEGA dispoñible e solicitar dito material.</b>	Equipo directivo e persoa coordinadora	28 de febreiro de 2023	Persoa coordinadora, catálogo de AMTEGA. Equipo directivo		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>A03.6: Distribución do equipamento polas distintas dependencias do centro segundo as necesidades e dispoñibilidade.</b>	Persoa coordinadora e equipo TIC.	31 de marzo de 2023	Equipo TIC, empresa de mantemento.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>A03.7: Adquirir equipamento específico para o proxecto interdisciplinar anual.</b>	Equipo coordinadores e Equipo directivo.	30 de xuño de 2023	Persoa coordinadora e empresa mantemento.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta os obxectivos propostos, é preciso modernizar o equipamento do centro, xa que este está obsoleto e non se adecúa as necesidades actuais.

#### **Equipamento:**

**Aulas dixitalizadas:** *É preciso unha renovación dos equipos das aulas: PDI, ordenadores, e proxectores nas aulas de Educación Infantil e Educación Primaria ata 4º incluído, xa que todos os equipos teñen máis de 10 anos e resulta imposible a realización de actividades co libro dixital así como cna Aula virtual xa que non é posible realizar actividades interactivas xa que non funcionan correctamente as PDIs.*

**Postos de traballo de xestión e administración do centro:** *É necesario unha actualización dos equipos, xa que comezan a dar problemas de rendemento, van moi lentos. Precisaríamos unha nova fotocopiadora para administración, para facilitar o traballo de administración.*

**Biblioteca:** Os equipos empregados para a xestión e catalogación están obsoletos, van moi lentos e non son capaces de procesar a información con rapidez. Ademais precisamos ordenadores portátiles para consulta xa que só temos 2 e son insuficientes así como tablets.

**Sala de profesores:** Os tres ordenadores non permiten a utilización dos novos programas xa que estes requiren outras prestacións a nivel de hardware e o profesorado non pode empregarlos para a preparación do traballo para as aulas, tendo en conta que no noso centro practicamente non se empregan libros de texto físicos.

### 4. Avaliación do plan

Con respecto ao procedemento de seguimento e desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, realizaranse dous tipos de avaliación:

- Unha avaliación do proceso que realizarase trimestralmente polo equipo de TICS. Valorarase: - O estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- Unha avaliación final que se realizará ao final do curso académico e na que se incluírán os logros dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 5. Difusión do plan

O Plan dixital será presentado a comunidade educativa a través dos distintos medios cos que contamos: páxina Web, AbalarMóbil.

Estará a disposición de toda a comunidade na secretaría do centro para a súa consulta.